

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 19 de febreiro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

D. Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta minutos do día dezanove de febreiro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(151).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia da sesión por todos os presentes.

**2(152).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “CAMPEONATO GALLEGO CAMPO A TRAVÉS”, O VINDEIRO 24 DE FEBREIRO DE 2016. EXPTE. 14905/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/02/16, do director deportivo-xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

**“1.- ANTECEDENTES:**

*A Federación Gallega de Deporte Adaptado, con CIF (G27816271), solicitou , a través do Rexistro Municipal (Doc.160015582), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: CAMPEONATO GALLEGO CAMPO A TRAVÉS*
- *Horario: 08.30h A 14.30h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o vindeiro mércores 24 de febreiro de 2016; esta proba comezará ás 9.30h e rematará ás 14.30h. A proba se levará a cabo no Parque de Castrelos.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Montes Parques e xardíns*
- *Protección civil*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

**3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar á A Federación Gallega Deporte Adaptado, con CIF (G27816271), a organizar o vindeiro mércores 24 de febreiro de 2016, a proba denominada CAMPEONATO GALLEGO CAMPO A TRAVÉS, esta proba deportiva comezará ás 09.30h e rematará ás 14.30h, a proba se levará a cabo integramente no Parque de Castrelos.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(153).- ADQUISICIÓN DO TERREO PROPIEDAD DE D. ANTONIO GONZÁLEZ RIAL, SITO NO CAMIÑO DO SALVADOR NA PARROQUIA DE CANDEÁN. EXPTE. 71824/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/02/16, dáse conta do informe-proposta do 08/02/16, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa das áreas da Tenencia e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- L 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- RDL 3/2011 de 14 novembro do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- L30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).*
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)*
- RDL 2/2004 de 5 marzo, do Texto refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL).*
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

*INFORME-PROPOSTA:*

*ANTECEDENTES DE FEITO:*

*PRIMEIRO.- Polo Concelleiro Delegado de Patrimonio resolveuse en data 19 de outubro do 2015, incoar procedemento para a adquisición do terreo propiedade de D. Antonio Gonzalez Rial, sito no camiño do Salvador na parroquia de Candean, dunha superficie de 136 m2, no marco dos tramites de execución de sentenza ditada no procedemento ordinario 556/2006, e conforme co sinalado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vias e Obras.*

*SEGUNDO.- Polo Xulgado de 1ª Instancia nº 8 de Vigo, no procedemento ordinario 556/2006 seguido para o exercizo de acción reivindicatoria dunha franxa de terreo ocupada con motivo das obras de ensanche do camiño Salvador, na parroquia de Candean, ditouse sentenza o 6 de novembro do 2007 pola que estimando a demanda formulada por D. Antonio Gonzalez Rial declarou da súa propiedade unha franxa de terreo de 136 m2 condenando ao Concello de Vigo a estar e pasar por dita declaración e o reintegro ó actor na súa posesión.*

*Segundo informe do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vias e Obras, de data 8 de xullo 2015 “A reposición do camiño ao seu estado anterior suporía un serio inconveniente para a súa utilización principalmente para o tráfico de vehículos de 2,25m de anchura. Do mesmo xeito como xa se comentou, o acceso ao dito camiño dende a rúa San Antonio voltaría a ser moi difícil dada a súa estreitez e escasa visibilidade. O feito de que as valoracións realizadas se aproximen sensiblemente á cantidade esixida polo propietario para a súa venda, se aconsella, a xuízo do que subscribe e previos os trámites que sexan precisos, proceder á compra dos terreos ocupados.”*

*TERCEIRO.- A Asesoría Xurídica municipal achega un mail de data 25/9/2015, remitido polo abogado da propiedade do terreo, contendo os termos dun eventual acordo de venda do terreo obxecto de execución, que o fixa nun prezo de 17.000 € e un prazo de pagamento de 5 meses dende o 1 de outubro do 2015, comprometendose, nese caso, a desistir da execución da sentenza.*

*Así mesmo, o 24.11.2015 informa en relación a valoración do custe económico a asumir polo Concello para a adquisición da parcela e co fin de proceder substitutivamente á execución da sentenza, que a cantidade de 17.000 euros solicitada polo propietario para a adquisición por mutuo acordo resulta xustificada e procedente, tendo en conta a valoración que do terreo efectúase polos servizos municipais e os xuros de demora a aboar por esta administración.*

*CUARTO.- O técnico de xestión da área de servizos xerais infórmao o 10/12/2015 da existencia de partida orzamentaria e crédito suficiente para adquisición dun terreo no Camiño Salvador da parroquia de Candean, no orzamento para o ano 2016 aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de data 09/12/2015, actualmente pendente de publicación e entrada en vigor, na que figura a seguinte partida orzamentaria con esa finalidade: 1532.6000000 – Adquisición terreo Camiño Salvador cun importe de 17.000 euros.*

*Polo Enxeñeiro de edificación da Xerencia de Urbanismo sinalase o pasado 2 /2/2016 que dita parcela obxecto de valoración, segundo o PXOU/93 publicado no BOP de data 14/07/93, atopase dentro do ámbito de suelo urbano cualificado como ordenanza 3.1.A.a, que corresponde a unha ordenación de zonas verdes e libres, que por condición de volumen o grado A corresponde con Parques e Xardíns, e por condición de uso correspóndese a zonas de lecer., sen que a variación de cualificación non afecte a valoración de dito terreo xa realizada con anterioridade.*

*QUINTO.- Finalmente, segundo informe de data 3/2/2015 da Técnica de Admon. Especial do Servizo de Patrimonio, a adquisición do terreo, cando o transmitente non sexa empresario, nas transmisións onerosas, o adquirente tributará polo imposto de Transmisións Patrimoniais.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

*PRIMEIRO.- O terreo obxecto de adquisición, segundo resulta do informe e plano de situación e deslinde (escala 1:200) do Topografo municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 30/10/2014, descríbese do seguinte xeito:*

*Propietario : Antonio Gonzalez Rial.*

*Situación: Cño. Salvador/Tva. Monte Pequeno-Candean*

*Superficie: 136,00 m<sup>2</sup>*

*Lindeiros:*

*Norte.- María Lago Cabaleiro, línea de 2,00ml.*

*Sur.- Cño. Salvador, línea de 7,00ml.*

*Este.- Cño. Salvador y misma propiedade, línea 27,80ml.*

*Oeste.- Trva. Monte pequeno, línea de 7,50ml.*

Ref. Catastral: 7069708NG2776N.

*SEGUNDO.- O expediente iniciado, a teor da sentenza ditada na que recoñece a propiedade de D. Antonio González Rial do terreo ocupado con motivo das obras de ensanche do camiño Salvador, e polo tanto a conseguinte execución e cumprimento, ten por obxecto acadar a adquisición de dito terreo de mutuo acordo coa propiedade/reclamante, procedemento que semella como o mais axeitado aos intereses públicos municipais segundo resulta do informado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, e co que a propiedade manifestou a súa conformidade e vontade, nese caso, de ter por cumprida a execución da sentenza.*

*As disposicións legais reguladoras das entidades locais recoñecen a esta a capacidade xurídica plena para a adquisición e posesión de bens de toda clase (art. 270.1 LALG), dispoñendo na súa condición de administración pública a posibilidade da adquisición dos bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico, en particular, entre outros, a título oneroso, co exercizo ou non da potestade de expropiación. (art. 15 LPAP).*

*Neste senso, as Entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, en favor de ditas Entidades (Artigo 111.TRLBRL).*

*TERCEIRO.- A adquisición de bens a título oneroso esixe do cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación, e tratándose de bens inmobles esixe ademais dun informe previo pericial. (art. 272 LALG).*

*A normativa reguladora da contratación das administracións públicas considera os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, como contratos e negocios xurídicos excluídos da aplicación da lei de contratos do Sector Público, norma reguladora da contratación do sector público e, polo tanto, no ámbito subxectivo de aplicación á administración Local (art. 2 e 4.1.p LCSP), remitindo así mesmo no ap. 2 de dito art. 4 as normas especiais que os regulan, resultando de aplicación os principios da lei para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.*

*Non plantexa dúbida que o negocio xurídico, que ten como obxecto o expediente, é un contrato de compravenda, entendido como tal aquel no que un dos contratantes (neste caso o propietario do terreo) obríganse a entregar unha cousa determinada e o outro (o Concello) a pagar por ela un prezo certo, en diñeiro ou signo que o represente (art. 1.445 do CC).*

*CUARTO.- Determinada conseguintemente a natureza do contrato, e polo tanto o réxime xurídico de aplicación a dito negocio, plantexase unha adquisición directa do inmovle en base ás circunstancias concurríntes.*

*Procede sinalar que no marco normativo patrimonial das administracións públicas, a LPAP regula no seu art. 116 o procedemento de adquisición de inmobles, fixando o concurso como procedemento xeral de adquisición, contemplando a adquisición directa como unha salvedade a dito procedemento e para aqueles casos nos que polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición*

*resultante de acontecementos imprevisibles, a especial idoneidade do ben ou a concorrencia doutras circunstancias que se sinalan no propio artigo, así o xustificuen.*

*Neste senso, no presente caso, estando compelido esta administración, nó cumprimento da sentenza ditada, á devolución e reposición do camiño ocupado ó seu estado anterior, e toda vez que dita reposición estimase polo enxeñeiro municipal suporía un serio inconveniente para o trafico de vehiculos, propoñendo a compra dos terreos ocupados ó resultar as valoracións realizadas (valor do terreo e o coste de reposición) aproximadas, xustificaría en base a ditos motivos a adquisición directa do inmovible, unha vez que a propiedade manifestou a súa conformidade coa transmisión (procedemento alternativo e substitutivo na execución de sentenza, da que desistiría), e terse así mesmo convenido o prezo para súa venda.*

*QUINTO.- O prezo do contrato fixase en 17.000 euros, nos que foi ofertada a venda pola propiedade. Dito prezo estimouse xustificado e procedente pola asesoría xurídica municipal, existindo partida orzamentaria (1532.6000000) e crédito suficiente para facer fronte a dito gasto, segun resulta do informado polo técnico de xestión da area de servizos xerais.*

*SEXTO.- A teor do exposto, pódese concluir que non existe inconveniente na adquisición do terreo plantexada polo Servizo de Vías e Obras, aos fins públicos sinalados, procedendo, unha vez materializada dita compra, a alta do ben no inventario municipal coa natureza xurídica demanial o que resulta afecto polo seu destino.*

*A adquisición do terreo faise, nos termos e polo prezo ofertado, libre de cargas e gravámenes,.*

*Resulta competente a Xunta de Goberno Local para a adopción do correspondente acordo de compra do inmovible, de acordo co disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.*

*Polo anteriormente exposto, e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo**:*

*PRIMEIRO.- Adquirir a D. Antonio Gonzalez Rial, en pleno dominio e libre de cargas e gravámenes, o terreo de 136 m2 sito no Cño. Salvador/Tva. Monte Pequeno-Candean, neste termo municipal de Vigo, a que faise mención no fundamento de dereito primeiro e reflectido no plano de situación e deslinde (escala 1:200) do Topografo municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 30/10/2014 .*

*SEGUNDO.- O prezo da compraventa fíxase en 17.000,00 Euros (diecisiete mil Euros ), que financiarase con cargo á partida orzamentaria 1532.6000000: Adquisición terreo Camiño Salvador.*

*TERCEIRO.- O presente contrato formalizarase en escritura pública no prazo dun mes dende a data da notificación do presente acordo.*

*CUARTO.- Tódolos gastos notariais e rexistrals que resulten da formalización do contrato serán de conta do comprador e os anteriores ao vendedor.”*

**Acordo:**

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**4(154).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REPARACIÓN DE MURO NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS, CAMIÑO CONDESA TORRECEDEIRA, CEDEIRA, REDONDELA". EXPTE. 3177/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do asesor xurídico da área de Fomento do 18/02/16, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, do técnico de Xestión da área de Fomento, conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

*"Localidade e situación: CAMIÑO CONDESA TORRECEDEIRA, CEDEIRA, REDONDELA  
Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO*

*Autor/a do proxecto: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO*

*Dirección facultativa: D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

*Contratista titular do plan: OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.)*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ (OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.))*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. PEDRO MURCIEGO DELGADO (PREVENTECNIA)*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.)*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA:**

1. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da obra "REPARACIÓN DE MURO NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS, CAMIÑO CONDESA TORRECEDEIRA, CEDEIRA, REDONDELA".*
2. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL. (ORESAS, SL.), a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(155).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. EXPTE. 3178/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do asesor xurídico da área de Fomento do 18/02/16, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, do técnico de Xestión da área de Fomento, conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

*"Localidade e situación: RÚA MARQUÉS DE VALTERRA.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D<sup>a</sup> TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.*

*Dirección facultativa: D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.*

*Contratista titular do plan: XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL.*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D<sup>a</sup> TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL CARUNCHO CAMPANARIO (XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS).*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU.).*

*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS.*



Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

1. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da obra "HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA".
2. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da mencionada obra.

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(156).- NOMEAMENTO DO COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL NA AVDA. SANTA MARIÑA. EXPTE. 3176/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, do técnico de Xestión da área de Fomento, conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### 1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA", cun orzamento de base de licitación de 102.177,87 € lve engadido. (Expte. 2544/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de outubro de 2015, entre outros asuntos acordou a proposta de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". (Expte. 3470/440).

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2015, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440, a favor da mercantil COPCISA, SA..

### 2.- Fundamentos xurídicos:

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 3470/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que "as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades".

Na esfera das Administracións Públicas, a coordinación de seguridade e saúde pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).

O artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

### 3.- Proposta:

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA" (Expte. 3470/440), dende a

*Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa Marqués de Valterra, sendo adxudicados os servizos a COORDINA, o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:*

*-Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D. ROBERTO PÉREZ PROL, DNI. 44466539-H, Enxeñeiro Técnico Agrícola e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Colexiado nº 358 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.*

*En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en renovación da rede de saneamento, abastecemento e distribución de auga, e a implantación dun sistema de saneamento separativo de augas residuais, así como a renovación dos elementos de alumeadado público para mellorar a eficiencia lumínica e outras actuacións de escasa entidade, considerase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.*

*O nomeamento do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).*

*Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte*

**PROPOSTA:**

*Primeiro: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA" (Expte. 3470/440) ao Técnico da empresa COORDINA; D. ROBERTO PÉREZ PROL, DNI. 44466539-H, Enxeñeiro Técnico Agrícola e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Colexiado nº 358 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.*

*Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA" (Expte. 3470/440.)"*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Olga Alonso Suárez.